

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN

DO DÍA 24 DE XANEIRO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e catro de xaneiro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, réunese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Non asiste, con escusa, dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Pronunciamento do pleno respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar

O señor alcalde propón aos presentes que, de conformidade co establecido no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril e artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal, en relación coa convocatoria de sesións extraordinarias e urxentes, se pronuncien respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a citada proposta e ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar.

2º Proposta de modificación do cronograma, supresión de actuacións e distribución orzamentaria entre actuacións do proxecto Arume

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 22 de decembro de 2010, que fora ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 28 de decembro de 2010.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que, antes de comezar o debate, quere informar que hai unha pequena modificación nunha das cantidades que vai no informe. Explica que no punto terceiro da proposta onde se recollen as novas asignacións de diñeiro ao proxecto de “Rexeneración urbana da praza do concello” hai unha diferenza de 200 € que detectaron os técnicos por unha cuestión aritmética nas sumas, para que as cifras coincidan ben.

Sinala que o texto quedaría da seguinte maneira: “Incrementar o orzamento destinado á “Rexeneración urbana da praza do concello” en 54.762,90 € quedando deste xeito o orzamento reprogramado total para esta actuación en 505.564,09 €”. Inicialmente figuraban no informe 54.548,32 € e teñen que ser 54.762,90 € é unha diferenza de pouco máis de 200 € por un erro aritmético na proposta inicial.

Conclúe dicindo que logo lle pasará á Sra. secretaria o documento.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta se non van dicir algo máis da proposta.

O Sr. alcalde di que o 20 de xaneiro houbo unha xunta de voceiros onde se tratou este tema e onde se acordou convocar este pleno co motivo de facer chegar á Dirección xeral esta proposta de modificación que xa trataran no último pleno ordinario, e que ten por obxecto non perder a subvención. Di que na xunta de voceiros os distintos grupos tiveron o seu pronunciamento, nun principio, EU-IU e o PG decidiron absterse, e quedou pendente a decisión do PP, que non se pronunciou nese sentido.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, manifesta que o pronunciamento do PP é o mesmo que xa veñen mantendo. Eles o 1 de decembro de 2009 pediron por rexistro copia do proceso de contratación da Casa da Cultura, a solicitude está selada e presentada, e non tiveron resposta. Di que esta é a forma de facer política e de informar á oposición no Concello de Cambre. Dende o 1 de decembro de 2009 ata hoxe, sen resposta. No pleno do mes de xullo de 2010, unha das preguntas que fixo o seu grupo foi: Cal foi o procedemento de contratación para a redacción do proxecto da Casa da Cultura?, e aí si que o Sr. alcalde foi sincero e lles dixo que foi contratada a dedo, que ao mellor a forma non foi a idónea, pero que grazas a esa rapidez e urxencia puido incluírse dentro do proxecto Arume. Ou sexa, que o Sr. alcalde estalles dicindo no mes de xullo de 2010, que o que están votando hoxe con máxima urxencia,

xa o ía facer, xa o sabía. El pregunta tamén aos compañeiros da oposición se son conscientes da burla que representa que hai seis meses o Sr. alcalde xa tiña previsto facer isto, e non contou con eles ata última hora, no pleno, como adoita facer, coa ameaza de perder as subvencións.

Continúa dicindo que, como dixo, o 26 de xullo o Sr. alcalde recoñeceu ambas cousas, primeiro que o proxecto foi contratado a dedo, que probablemente non sexa a forma máis correcta, e que o da Casa da Cultura xa estaba incluído no proxecto Arume.

Di que o Sr. alcalde leva vinte anos prometendo a Casa da Cultura, que fixo un concurso de ideas co seu socio de goberno que custou 120.000 € aos veciños de Cambre, nun terreo onde non se pode construír. Despois de levar prometendo a Casa da Cultura vinte anos, o que eles lle pediron en reiteradas ocasións é que o deixara sobre a mesa, porque falta moi pouco para que haxa eleccións, e eles cren que a próxima corporación, sexa a que sexa e como sexa, é a que debería facelo, se consideran oportuno facelo.

Agora din que é necesario aprobar esta modificación para non perder subvencións, entón el pregúntalle ao Sr. alcalde, porque cando o PP denunciaba que o Concello de Cambre perdera múltiples subvencións, entre elas a da Casa da Cultura en reiteradas ocasións, el dicía que non. Pregunta que, se antes era que non, por que agora de súpeto é que si, cando lle convén ao Sr. alcalde. Se antes non se perdían, tampouco deberían perderse agora, e a do río Mero non se perde, a do río Mero xa estaba destinada ao que é, á mellora e acondicionamento das marxes do río Mero. Pide que non se olvide que Cambre non ten unhas sendas peonís no río, o que hai son unhas motas coa función de evitar que o leito do río saia. O proxecto que había no seu momento era moito máis ambicioso, ían facer unha senda peonil, un carril-bici, que ía unir ata a Torre de Hércules, e que favorecería que Cambre vivise de fronte ao río e, sobre todo, evitar o abandono no que está agora. Polo tanto, o grupo municipal popular non está de acordo en que se retire o diñeiro ás sendas do río.

Con respecto a unhas declaracións do tenente de alcalde nas que di que o PP aprobou o proxecto Arume condicionado a que se retiraran as sendas, di que iso é falso, xa que os acordos plenarios son como son, e o acordo plenario é como é, polo tanto que non diga que foi condicionado a nada, porque os acordos son os que son, e cando o PP apoiou o plan Arume, foi incluíndo as sendas do río Mero, que agora están intentando cambiar.

Con respecto á Casa da Cultura, o PP bota de menos que lle diga canto vai custar o seu mantemento, que gastos van xerar. Supoñen que será necesario contratar persoal, e lémbrale ao Sr. alcalde que o ano que vén os ingresos do concello van diminuír de forma alarmante. Lembra a todos que nos últimos anos o orzamento que queda dispoñible para investimentos roza o millón de euros, escasamente. Se agora se contrata persoal e se engaden os gastos de mantemento desa Casa da Cultura, el se pregunta, tendo en conta a previsión de menores ingresos, como pensan facelo. Botan en falta un

estudo económico dese proxecto.

Conclúe dicindo que, como de costume, vai haber un debate longo, o primeiro tenente de alcalde vai facer referencia ao que di o PP e supón que terá oportunidade despois de dicir algunhas cousas máis pero, en principio, o que lle adianta ao Sr. alcalde é o que xa sabe, que eles non apoian que se retire o diñeiro do río, e que lle piden unha vez máis que a Casa da Cultura quede sobre a mesa para a vindeira corporación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o proxecto Arume xa foi motivo de diversas críticas, tanto na súa órixes como na súa posterior modificación e, de feito, o seu grupo votou en contra nas dúas ocasións. Pero di que o tema que lles trae hoxe aquí é un tema no que para eles se deron dúas situacións ben distintas. A primeira foi a decisión do goberno de traer ao pleno do mes de decembro a reforma do cronograma do proxecto Arume, o que para o seu grupo foi unha decisión precipitada, unilateral e sen contar cos grupos da oposición, na idea de non perder unhas subvencións. Nese sentido, EU-IU bota en falta o diálogo que debe prevalecer nun tema tan importante para Cambre como é este, e interpretaron esa actitude como un xesto de arrogancia cara á oposición, algo que non contribúe nada á transparencia e á busca dun consenso que debería prevalecer, necesario para non perder 2 millóns de euros. El pensa que o equipo de goberno debe recoñecer que se equivocou, debe asumir a súa responsabilidade, polo menos a que lles corresponde por estar gobernando, e non culpar á oposición, como fixeron nos medios de comunicación, dunha responsabilidade que non lles corresponde a eles, porque se hai algo claro neste proceso foi a falta de rigor existente e o menosprezo aos representantes da oposición.

Posteriormente ao pleno de decembro houbo dúas xuntas de voceiros, onde foron os técnicos municipais, para informar con rigor da viabilidade ou inviabilidade de executar eses proxectos, e achegando os correspondentes informes. Ademais, o Sr. alcalde desculpouse das súas manifestacións realizadas contra a oposición, que di que el consideraba tendenciosas.

Conclúe dicindo que EU-IU, como ben dixo antes o Sr. alcalde, vai contribuír coa súa abstención a que non se perdan as subvencións, porque están convencidos de que é un luxo que nestes momentos de crise non se poden permitir. Pero queren deixar perfectamente claro que o seu compromiso é exclusivamente ese, o que dixeron, que non se perdan as subvencións, o resto da responsabilidade terá que asumila cada quen no seu momento.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el subscribe as palabras do Sr. Taibo, de EU-IU, e polo tanto non se vai repetir. Di que está claro que a responsabilidade de todo este proceso, para el mal levado, é do goberno municipal. Está en contra desa forma de levalo, pero tamén está en contra de que se perdan máis de 2 millóns de euros e, polo tanto, vaise abster para facilitar que se aprobe a modificación.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o seu voto vai ser en contra, porque non se trata de axustes de partidas orzamentarias porque fallan as subvencións, non é que fallen, senón que é a ineficacia municipal e a ineficacia deste goberno a que fai que se perdan recursos pola mala xestión e non está de acordo en que se acuse a outras administracións. O compromiso de Cambre co FEDER e co MAP era asumir o 30% do orzamento e incluílo nos orzamentos municipais, e así se fixo no seu momento. Di que despois falará máis, pero que o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que quere comezar por agradecer aos grupos municipais do PG e de EU-IU, o cambio de posición adoptada con respecto ao mes pasado, entendendo que non se está avalando unha xestión de goberno, pero si recoñecendo que se está asumindo algo que el cre é moi importante, a responsabilidade que todos teñen como cargos institucionais. Efectivamente, cada un deles ten o seu papel, pero tamén cando están na oposición o papel de crítica non pode supoñer bloquear a acción de goberno. Deixar gobernar, aínda que non se estea de acordo, aínda que se critiquen as cuestións, como están facendo, el cre que é unha demostración de responsabilidade que debe agradecer.

Continúa dicindo que, aínda que foi o Sr. alcalde quen publicamente pediu desculpas por determinadas palabras, el ten que dicir que, en todo caso, tamén lle corresponde a el asumir a responsabilidade das omisións na tramitación e no diálogo sobre estes asuntos que poidan non terse feito para conseguir que isto se tivera solucionado o mes anterior.

Dito isto, e agradecendo a flexibilidade e responsabilidade dos grupos, quere aclarar algunha cuestión. Dille ao Sr. Cibeiro que se vén a este pleno a dicirlle algo, que non sabe por que non o di, non sabe por que espera sempre a ver o que din os demais ou a ver o que din el, para logo montar o seu discurso. Recomendalle que prepare as súas alternativas, que as escriba ou que faga un guión e que as diga, e dille que as réplicas son para réplicas, non para explicar mensaxes.

Sinala que no PP teñen un problema, que é que non entenden moitas cousas, seguramente porque quen as explica ten moi pouca capacidade para explicarse, ou o fai moi mal, seguramente por iso. Pregunta que ten que ver a redacción do proxecto da Casa da Cultura, que probablemente estea mal tramitada, coa subvención da execución da obra. Non ten nada que ver, nunca ninguén dixo, nin está en ningún papel, nin en ningún informe, nin nunha proposta, que se fora a pedir subvención dentro do plan Arume para pagar a redacción do proxecto da Casa da Cultura, iso nunca o dixo ninguén, non está por escrito. Loxicamente nin o Arume, nin ningún outro procedemento de subvención ao que se poidan acoller, pode subvencionar algo que non está ben tramitado, como aquí xa se recoñeceu. Non se vai pedir para iso, para o que se pide a subvención é para a execución da obra. Iso é o que figura no comezo, iso é o que continuou e iso é sobre o que agora piden unha modificación, sobre prazos e sobre

cantidades.

Di que efectivamente tiña razón o Sr. Cubeiro en que no mes de xuño o Sr. alcalde e este goberno sabía que ían pedir subvención para a Casa da Cultura dentro do proxecto Arume, pero como o sabían os demais concelleiros, iso está aprobado dende febreiro do ano 2008. A diferenza é que en xuño había algunha persoa dentro do goberno, ou todo o goberno no seu conxunto, que aínda confiaba en que a Xunta de Galicia, aínda que non fora moito, pero que axudara algo, que colaborara en algo.

Neste punto, e ante a intervención dunha persoa do público asistente á sesión, o Sr. Iglesias sinala que parece que a súa intervención molesta a alguén, e que así faise moi complicado intervir.

Continúa dicindo que no mes de xuño aínda había unha certa ilusión porque as institucións asumiran a responsabilidade institucional que teñen, que é a colaboración interinstitucional, pero non o fixeron. Di que é lamentable, e que algúns pensarían que aínda sen estar no goberno, o PP de Cambre intentaría que unha administración do seu partido colaborase co concello ao que están representando, pero evidentemente iso non vai por aí, ou se o intentaron, iso non o sabe, non acadaron absolutamente nada. Supón que así se poñen todos do mesmo lado, tanto o goberno como a oposición, e sobre todo o PP, foron incapaces de sacarlle un peso á Xunta de Galicia para colaborar neste proxecto. Di que niso serán todos solidarios, toda a corporación de Cambre lamenta iso.

Dille ao Sr. Cubeiro que non diga que inventan historias, porque está na acta do pleno de febreiro de 2008 onde se aprobou no plan Arume, unha acta densa, de máis de 20 folios, e na que veñen recollidas as intervencións do voceiro de facto naquel momento do PP, que falou deste tema e falou claramente. Nesta acta recóllese o que está aprobado e tamén que o PP propoñía retirar o proxecto do río Mero, xa que entendían que correspondía finalizar a obra a quen comezou. Tamén se di na acta que don Nicolás José Cubeiro Martínez conclúe a súa intervención dicindo que o grupo municipal do PP votará a prol da proposta se se exclúe o do río Mero, a Casa das Ideas, e se inclúe a insonorización do centro sociocultural do Graxal. Polo tanto non é ningún invento, iso está dito aí e a acta está aprobada.

Pide que agora non veñan a falar da importancia dun proxecto do que, por certo, se equivocan sempre. O proxecto, a idea que se presentaba, era unha arteria de comunicación, fundamentalmente en bicicleta, entre a vila de Cambre e os outros dous núcleos urbanos máis importantes. Di que o explicaron xa cincuenta veces, bastante polo miúdo, e mesmo ensinaron o estudo que se pagou na anterior xunta de voceiros. As sendas polo río xa existen, non se trataba de facer sendas novas, son as que hai, e o problema que teñen con esas sendas é que o titular delas, Augas de Galicia e a Xunta de Galicia, non as coida. Di que ese é o problema que teñen, non é outro. Explica que ese proxecto o que quería era aproveitar esas sendas que existen, para facer unha vía de comunicación interurbana, pero as propostas que lles facían supoñían máis de 700.000

euros, e algunhas delas o que facían era eliminar aparcadoiros enteros en liña, en varias das rúas dos centros urbanos do Graxal e da Barcala. Di que pode ser que haxa que facelo, pero que el cre que é discutible, por iso que sexa o próximo goberno o que tome a decisión de eliminar a metade do aparcamento na rúa Río Brexa ou Río Barcés, por exemplo, ou na rúa Constitución, ou nalgunha das outras que hai no contorno da rúa Tapia. Se iso lles parece viable, pois estupendo.

Di que hai outra cuestión fundamental. Esta vez, á vista de que as explicacións que daban os responsables políticos non eran suficientes, á xunta de voceiros acudiron unha serie de técnicos, que lles fixeron advertencia incluso de ilegalidade e de prevaricación, de gastar diñeiro en cousas e terreos dos que non son titulares, en estar duplicando, como o caso da rede wifi, servizos que xa ofrece outra administración, pero todo iso non serve para nada. Insiste en agradecer a posición flexible dalgúns grupos, e di que o que non entende é que datos que son obxectivos, que non son inventados, e que non son perspectiva política, que se cuestionen, e que se lancen notas de prensa, unha e outra vez, con total e absoluta falta de rigor, dicindo cousas que son mentiras, que son inexactas. Despois de tanta insistencia ten que dicir que son mentiras, porque polo menos se podían molestar en ler os papeis, en facer caso dos informes dos técnicos, que son independentes, que non son nin do PSOE, nin do BNG, nin de ningún sitio. Pero di que aquí todo vale con tal de ter un titular.

El non sabe como vai acabar a lexislatura, supón que ben, e a outra vai a comezar moitísimo mellor, pero dende logo a experiencia de colaboración institucional e do papel que cada quen fixo aquí, por sorte vai quedar para o futuro, e para os veciños e veciñas, e para historia e para o que se queira, vai quedar gravado nas actas, e ata por sorte está accesible a todo o mundo en internet, na páxina web do concello, aí está o que di e o que fai cada quen, palabra por palabra en toda esta lexislatura, e iso, dende logo, é interesante, porque os retrata como son a cada un deles. Pide ao Sr. alcalde desculpas pola extensión da súa intervención e, por suposto, agradece que por fin se poida desbloquear este asunto.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que, como dixo antes, despois da intervención do socio de goberno do Sr. alcalde sempre hai unha quenda de réplica, porque o pide, de feito, el provoca as réplicas. Acusou ao PP de estar vinculando a forma de contratación do proxecto coa subvención, e díxolles que non se está pedindo a subvención para iso, e claro que non, iso xa o saben, pero hai un proceso legal e elemental para a contratación pública, que non é o dedo, hai outros sistemas, e a Casa da Cultura do equipo de goberno nace así, cun proxecto contratado a dedo. O plan Arume ten auditoría e eles supoñen que controlarán a forma de contratar, imaxínase que si, ou pregunta se só van auditar o que lle conveña ao Sr. concelleiro.

Dille que está falando da colaboración do PP, e el ten que lembrarlle ao Sr. Iglesias e ao Sr. alcalde que o proxecto metérono nos orzamentos, que non faláron con ninguén. Lémbbralles que viñeron aquí cos orzamentos nos que está incluída a Casa da Cultura,

que foron aprobados coa moción de confianza. Non houbo moción de censura porque o PSOE e BNG sabían perfectamente que EU-IU non a ía apoiar, pero a Casa da Cultura está vinculada a uns orzamentos aprobados desa maneira. Por iso, dille ao Sr. Iglesias que non pida a súa colaboración, que é o menos indicado desta corporación para facelo.

Pregunta cantas veces falaron co PP para pedirlle algún tipo de colaboración ou de xestión, di que ningunha, cero. O PP si que as fixo, pero o equipo de goberno non as pediu. Polo tanto, dille ao Sr. Iglesias que non diga esas cousas.

Con respecto ao plan Arume xa sabía que o Sr. Iglesias ía falar de que el, como concelleiro do PP, na intervención que tivo no debate do plan Arume dixo o do río Mero, e di que claro que si, porque ese plan Arume foi presentado ao pleno como fan sempre, a última hora, sen ter posibilidade de discutilo antes, e discutírono no salón de plenos. Di que o Sr. concelleiro está sacando de contexto unhas palabras, e que o que importa é o acordo plenario, porque houbo un debate e logo houbo un acordo e, nese acordo, está o río.

Di que el tamén vai dicir o que dixo o Sr. Iglesias sobre a Casa da Cultura, sacado de contexto, evidentemente, igual que o fai ese concelleiro, pero pide que lle permita que o conte, para aprender algo del tamén. O Sr. Iglesias dicía nese pleno que entendía que o concello tivera que poñer algo, pero que creía que non había un cálculo real, e que se metía a pata coa Casa da Cultura, que era absolutamente inviable facela así. Di que iso o dixo o Sr. Iglesias, nunhas actas, neste pleno. Polo tanto, pídelle ao Sr. Iglesias que non saque as cousas de contexto, e que cando queiran colaboración, que a pidan. Afortunadamente, xa o dixo varias veces, queda moi pouco desta lexislatura, vanse vellas glorias deste salón de plenos que Cambre vai agradecer moito. Cambre vai prosperar a partir de agora.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, manifesta que dixo o Sr. Iglesias que todo consta en actas, e ten razón porque durante case todo o ano 2010, todos os grupos, algúns dos cales apoian agora estes cambios coa súa abstención, foron preguntando para que lles informaran como estaban as diversas actuacións do proxecto Arume e, en todas, o Sr. Iglesias dicía que todo estaba en orde e que se ían cumprir os prazos, cousa que se ve que non é a realidade. Houbo preguntas de EU-IU, do PP, etc., iso durante todo o ano 2010, e hai actas que o demostran, sempre con mentiras.

Continúa dicindo que esa eterna Casa da Cultura parece un pequeno Gaiás, e que se o Sr. Fraga dicía que quería que fora o seu mausoleo, ela agarda que non estea tamén no punto de mira do Sr. alcalde, cuxa vida, non a política, desexa que dure moitos anos. Di que o vergonzoso non é que a oposición se opoña ou non a máis modificacións incoherentes e inexplicables do plan Arume, o vergonzoso é que o Sr. alcalde teña a pouca vergonza política de afirmar que a obra da Casa da Cultura se adxudicou á construtora encargada de realizar as obras por carácter urxente, recoñecendo que a forma non foi a idónea, pero que estaban 800.000 euros en xogo. Trátase de xustificar

unha adxudicación totalmente ilegal, baseándose en que hai un diñeiro que se pode perder porque o goberno municipal non foi capaz de actuar en tempo e prazo. Pregunta onde queda o cumprimento da legalidade, onde queda o principio de publicidade e de honestidade pública. Di que iso é o vergonzoso e que se a subvención se perde é pola desidia e ineficacia do grupo de goberno.

Continúa dicindo que lembra que no acordo de goberno que asinou o BNG co PSOE, no verán do 2009, figura o fiel compromiso de xestión de programas en marcha, como o Arume ou o FEIL, a execución de plans de investimento municipais e cumprimento dos acordos plenarios da vixente lexislatura. Pregunta onde quedaron eses compromisos, se foi que quedaron no cubo do lixo que continuamente expanden e que só serve para xustificar a súa propia ineficacia como grupo de goberno.

Sinala que o Sr. Iglesias está dicindo que do que se trata é de salvar subvencións, o mesmo que leva dicindo o Sr. alcalde anos e anos para xustificar a súa xestión. Ela leu no blog do BNG que non hai moito tempo houbo unha reunión cos veciños na que se creou un Grupo de Acción Urbana, cun total de oito asociacións, e o Sr. Iglesias faláballes do plan Arume e de se ían levar adiante todas as actuacións, falaba da pista de skate, da rede wifi,.... Pregúntalle ao Sr. Iglesias onde están todos eses compromisos adquiridos coas asociacións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, manifesta que lle dá a sensación de que o PP ten unha especie de fixación con EU-IU, e incluso ás veces chega a pensar que é persoal. Di que volven a recordar o tema da moción de censura, e din que eles xa sabían que EU-IU non a ía aprobar, e el dilles, e volve repetirlles, que sabían perfectamente que non se podía presentar a moción de censura, o sabían perfectamente, e que senón, que se remitan á moción que presentou o PP polo tema do transfuguismo, a ver se podían presentar a moción de censura. Di que o que pasa é que ese tiro saíulles mal, moi mal, e non o puideron seguir explotando politicamente.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, manifesta que está ben que o Sr. Iglesias lles dea as grazas por cambiar o seu voto, pero el non necesita que lle dean as grazas, el fíxoo por coherencia e por respecto aos veciños de Cambre, para que non se perdan os cartos. Reitera que grazas polo agradecemento, pero que el non o fai por iso, que o fai por responsabilidade cos veciños e veciñas de Cambre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dille ao Sr. Marante que el xa sabía que era así, pero que, en todo caso, que lle permita que o faga. En canto ao Sr. Cubeiro, di que o que lles demostrou agora é que nin prepara a primeira intervención, nin sequera a réplica. A súa réplica é a mellor explicación do que el dixo antes, e como vai quedar por escrito, servirá logo para rirse co paso do tempo.

No que se refire ás manifestacións da Sra. Ramos, dille que non sabe como é que se din determinadas cousas. De verdade que lle agradece que cite ese compromiso

programático que adoptou o PSOE e o BNG ao comezo deste mandato, porque se hai algo que van obter como conclusión no remate desta lexislatura, nestes dous anos escasos que pasou o BNG compartindo tarefas de goberno co Sr. alcalde, é que foron capaces de sacar adiante a xestión de moitísimas cousas que estaban paradas. Neste ano e medio remataron a xestión dos proxectos FEIL, sen que houbera problema con ningún deles, programaron o novo FEESL, cun modelo de contratación que ninguén máis se volveu acordar del, ninguén máis lembrou ese modelo de contratación aberto e participativo, pero non importa, aí quedou, e as obras dese plan están rematadas ou en proceso de remate, todas e cada unha delas dentro dos prazos ou dentro das prórrogas normais pola execución das obras que se teñen que facer. Tamén se executaron POS, algúns deles que estaban pendentes, como o ano 2007, no que había un conflito coa empresa. Di que claro que teñen algún problema, por exemplo na Travesía do cemiterio, do que xa falamos no pasado pleno e do que volverán falar dentro duns días, pero son problemas porque as empresas entran en concurso de acreedores ou non cumpren co prometido, pero o goberno municipal actúa cos resortes que ten a legalidade, que ten a administración, para poder modificalo.

Dille á Sra. Ramos que concretamente o do programa Arume é o que realmente clama ao ceo, porque ela tiña unha parte moi importante na xestión deste proxecto que levaba aprobado para a súa execución dende febreiro de 2008, máis dun ano, bastante máis dun ano, e non había practicamente nada feito, e o que estaba feito houbo que collelo e tiralo á papeleira, por exemplo ese estudo sobre mobilidade que se contratou e que custou ao concello 17.000 ou 18.000 euros, precisamente para aproveitar a senda fluvial e a comunicación ciclista coas áreas urbanas, e que non vale para nada. Di que non valen para nada ese cartos que se gastaron sendo a Sra. Ramos responsable da área, ou polo menos corresponsable, xa non o sabe moi ben, porque unha das cousas coas que se atoparon cando entraron nisto é que ninguén sabía onde estaban as responsabilidades, as competencias, ou quen tomaba determinadas decisións. Había unha zarangallada montada.

Pídelle que non diga que nas actas dos plenos figura o que non se dixo, díxose que había proxectos que ían con atraso. Estaban pendentes de cofinanciamento para a Casa da Cultura, estaba pendente de tomar unha decisión técnico-política sobre a rede wifi, e estaba en estudo o tema da senda fluvial porque non estaba moi claro e porque depende doutras administracións, ata que ao final chegaron a unha conclusión cos informes dos técnicos, que lles dixeron que iso non se podía facer así. Tomaron a decisión, e por iso o trouxeron ao pleno.

Efectivamente teñen razón en que se cadra faltou algo máis de diálogo, de comentar antes os temas, pero tal e como están as cousas, como funcionan e como está a temperatura política ultimamente, tamén lle darán a razón de que ás veces é algo difícil, e o contexto non é o máis apropiado. Puidose falar antes, sen dúbida, pero o camiño os levou a onde os levou, e non podía levarlos a outro sitio, e pode que determinadas decisións igual as puideran ter adoptado un mes, mes e medio ou dous meses antes, é

posible, pero é diso do que están falando, deses prazos, non de máis, o resto das cousas van no tempo que teñen que ir, cando os informes llelo din, e cando as conclusións ás que chegan, non os políticos, senón tamén os técnicos que informan das cousas, son as que son.

Dille á Sra.concelleira, que non tiña pensado replicarlle, pero que faga o favor, porque bastante se fixo co esforzo de todo un equipo, e sobre todo dos funcionarios que traballan nos diferentes departamentos, para encamiñar determinadas cousas que estaban, trabucadas nalgún caso, pero en moitos deles paradas, absolutamente paradas.

Conclúe dicindo que van rematar a lexislatura con iso lanzado, e como dixo no pleno anterior, cando foi rexeitada a proposta, polo menos o que queren é deixarlle á próxima corporación que veña, nun exercicio de responsabilidade, os instrumentos para que poida gobernar e facer funcionar as cousas para o interese xeral de todo o mundo, non polo interese particular de ninguén. Polo menos que teñan as cousas preparadas e que non teñan que volver atrás a reformar o que xa é irreformable. Iso é o que van facer e, dende logo, non é a Sra. concelleira a persoa máis apropiada para falar desas cousas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP e a concelleira non adscrita, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar os cronogramas de actuación das seguintes actuacións, co fin de optimizar a conxuntura económica financeira municipal:

- Instalación de enerxías renovables na piscina municipal da Barcala: fixar como prazo máximo o 30 de xuño de 2011, para o recoñecemento da obriga e o pago material.
- Dinamización do lugar de Sobreguexe: fixar como prazo máximo o 30 de xuño de 2011 para o recoñecemento da obriga e o pago material.
- Pista de skate: fixar como prazo máximo o 30 de xuño de 2011 para o recoñecemento da obriga e o pago material.
- Equipamentos sociais, Ludoteca: fixar como prazo máximo o 30 de xuño de 2011 para o recoñecemento da obriga e o pago material.

Segundo: Modificar os cronogramas de actuación das seguintes actuacións, atendendo tanto á complexidade da súa tramitación como á envergadura e transcendencia da execución:

- Plan de Humanización do Graxal: fixar como prazo máximo o 31 de decembro de 2011 para a execución, recoñecemento da obriga e pago material.
- Rexeneración urbana da praza do concello: fixar como prazo máximo o 31 de decembro de 2011 para a execución, recoñecemento da obriga e pago material.
- Casa da Cultura: fixar como prazo máximo o 7 de xullo de 2012 para a execución, recoñecemento da obriga e material.

Terceiro: Modificar os orzamentos destinados ás actuacións seguintes:

- Incrementar o orzamento destinado á “Rexeneración Urbana da praza do concello” en 54.762,90 € quedando deste xeito o orzamento reprogramado total para esta actuación en 505.564,09 €
- Incrementar o orzamento destinado a “Equipamentos deportivos: pista de skate” en 47.361,54 € quedando deste xeito o orzamento reprogramado total para esta actuación en 207.361,54 €
- Incrementar o orzamento destinado á “Casa da Cultura” en 500.000,00 € dos cales 400.000,00 proceden da supresión das actuacións “Creación dunha rede wifi municipal” e “Senda fluvial de transporte alternativo no río Mero”, e os 100.000,00 restantes da baixa existente nas ofertas de licitación da obra “Urbanización das rúas Pígara e Padre Feijóo no lugar do Temple” incluída no Plan de humanización do Graxal. Así, o orzamento reprogramado total para a actuación “Casa da Cultura” establécese en 1.300.000,00 €”

3º Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio de 2009

Visto que segundo o expediente remitido pola Intervención municipal, a Conta Xeral do exercicio de 2009, unha vez ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 10 de decembro de 2010, foi exposta ao público e non se presentaron reclamacións nin reparos, polo que procede sometela directamente ao pleno da corporación para a súa aprobación.

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2011 que literalmente se transcribe a seguir:

“Cumprimentado o trámite legal de exposición ao público da Conta Xeral do Concello de Cambre do exercicio 2009, previsto no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por R.D. 2/2004, de 5 de marzo (BOP n.º 236 do 14 de decembro de 2010) que finalizou o pasado 3 de xaneiro e non téndose presentado alegacións durante o dito prazo e os oito días seguintes, procede elevar ao pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, a seguinte proposta de acordo:

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2009, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do concello e a

documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.”

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que van votar a Conta Xeral correspondente ao 2009 e que, como xa dixeron na comisión informativa, baixo o seu punto de vista segue desprezándose a legalidade en materia de contratación, onde se fan unha serie de informes, e páganse unha serie de facturas, sen ter os informes correspondentes da Intervención e efectúanse un total de un millón novecentos e pico mil euros con reparos, o que vén sendo un hábito en todos estes anos de lexislatura, sen que se faga nada ou pouco para intentar regularizar esta situación. Levan un montón de anos en Cambre agardando que se faga o inventario de bens municipais, porque malamente se pode facer un balance da situación sen ese inventario.

Di que un matiz importante á hora de realizar esta valoración son, como dixo antes, os numerosos reparos que pon Intervención, expedientes de gasto que son repetitivos a través dos anos. Trátase dunha xestión municipal onde para eles se pasou por riba de procesos que a lei esixe para garantir o bo uso dos recursos públicos.

Conclúe dicindo que iso, para eles, é suficiente para votar en contra, e que o seu voto é motivado máis ben por unha cuestión política, que é o rexeitamento a unha mala xestión do goberno, así mesmo xa o manifestaron e votaron en contra dos orzamentos e agora con este voto ratifican o seu rexeitamento.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o voto do seu grupo na comisión informativa foi o de abstención, criticando bastante o que é a xestión do goberno, pero agora decidiron votar en contra, en contra da xestión política de todas estas contas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que xa dixo na comisión informativa que se ía abster porque, efectivamente, está en contra de como se está facendo a xestión por parte do goberno municipal, e de aí ese millón e pico de euros que está con reparos. El está en contra de que se faga así esa xestión, pero vaise abster, e agarda que se entenda a súa abstención como que iso é un voto a un informe da Intervención municipal, que como xa dixo nalgũa ocasión que parece que levantou moitas ampolas, pode fiarse máis ou fiarse menos, pero en principio non ten por que desconfiar de ningún. Conclúe dicindo que se abstén.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, e que simplemente quere tentar precisar unha cuestión. Di que cando se trae a debate a Conta Xeral, el cre que é un momento moi bo e moi apropiado para facer crítica da xestión do goberno, el cre que está ben facelo,

cada quen segundo o seu punto de vista, pero que, en todo caso, o que se vota, tanto o ditame en comisión informativa como o voto en pleno, non é o aval sobre unha determinada xestión, simplemente o que se vota é que a Intervención municipal como órgano independente do goberno, presenta a Conta Xeral para remitirla aos organismos fiscalizadores, que son os que van a analizar tamén, despois de facelo aquí na Intervención municipal, os que o van a analizar con lupa, con pelos e sinais todo o que foi a xestión económica. Di que iso é o que se está votando, que a Conta Xeral do ano 2009 foi rendida, foi presentada diante da corporación en comisión informativa e pleno, e vaise remitir ao Tribunal de Contas. Iso é o que se está facendo e, por tanto, o voto debería ir nese sentido, de que efectivamente está votado e o pleno colle e con ese voto favorable remite a Conta ao Tribunal de Contas, que é o que ten a responsabilidade de valorar isto.

Conclúe dicindo que por iso eles van votar a prol, e o debate como xa o tiveron e non queren entrar en máis matices e figura tamén nas actas, o dan xa por zaxado. O seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que lle gustaría facer unha pequena matización. Di que eles son plenamente conscientes do que se vota aquí, e do que se valora, e que evidentemente o que se vota é que se traslade ao Consello de Contas toda unha serie de informes, pero que o seu grupo non vai votar a prol dunhas contas onde hai, cre que son 155 reparos de Intervención. Insiste en que eles votan que non a unha xestión política. É un tema político e son consecuentes co que votaron nos orzamentos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos en contra, rexeitou aprobar a Conta Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico de 2009.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia